

**ACTA E RESUMEN DE ACORDOS DA ASEMBLEA XERAL ORDINARIA**  
**Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia**  
**Vigo , 23 de Febreiro de 2019**

ASISTENTES:

PRESIDENTA	VILABOY ROMERO, LAURA
VICEPRESIDENTA	DOMÍNGUEZ GALÁN, NATALIA
SECRETARIA	NÚÑEZ RÚA, ROCÍO
VOGAL	CASAL FIGUEROA, LAURA
VOGAL	GONZÁLEZ PAZOS, MERCEDES
VOGAL	GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, SONIA
VOGAL	PIÑEIRO ÁLVAREZ, BELÉN
VOGAL	RODRÍGUEZ ÁLVAREZ, NOELIA
VOGAL	VARELA COSTA, PAULA Trae 1 voto delegado de: CANEDA ZAMAR, BEATRIZ
VOGAL	BOUZAS ÁLVAREZ, ANTÓN
Colexiado 1	Colexiado nº 3979
Colexiada 2	Colexiada nº 5208
Colexiada 3	Colexiada nº 4916
Colexiada 4	Colexiada nº 3316
Colexiada 5	Colexiada nº 3232 (só asiste á sesión de tarde)
Colexiada 6	Colexiada nº 5177
Colexiada 7	Colexiada nº 3389 Trae 2 votos delegados: - Colexiado nº 3831 - Colexiada nº 0178
Colexiada 8	Colexiada nº 3221 Trae 1 voto delegado: - Colexiada nº 3550
Colexiada 9	Colexiada nº 3237
CONVIDADA. TRÁMITES COLEXIACIÓN: VOTO	EN DE SEN Participante nº 1.

**Total Asistentes: 24 asistentes** (19 colexiadxs e 4 votos delegados; 1 en trámites de colexiación, sen voto).

Iníciase a Asemblea o sábado 23 de Febreiro de 2019 ás 10:50h, na sede do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de Vigo, sita en Rúa Doutor Cadaval, nº 5.

Laura Vilaboy Romero, Presidenta da Xunta de Goberno do Ceesg, dá a benvida e presenta a asemblea.

### Orde do día

#### Mañá

1. **Aprobación da acta da anterior Asemblea, Asemblea Xeral de 21 de abril de 2018.**
2. **Aprobación das Memorias Técnica e Económica 2018.**
3. **Presentación e aprobación do Orzamento 2019.**
4. **Presentación e aprobación dos Plans de Traballo 2019.**

**14:00h-15:30h. Descanso Xantar**

#### Tarde

5. **Presentación do Informe Socioeducativo (ISE), a cargo do grupo de traballo do Ceesg aBeira.**
6. **Propostas e preguntas.**

## I. APROBACIÓN DA ACTA DA ANTERIOR ASEMBLEA, ASEMBLEA XERAL DE 21 DE ABRIL DE 2018

Procédese á lectura e exposición resumida do contido da Acta da Asemblea Xeral de 21 de abril de 2018. Presenta: Laura Vilaboy Romero.

Punto da orde do día	Desenvolvemento	Votación
Acta da asemblea anterior (2017)	Presentouse esquematicamente.	Aprobado por unanimidade
Memorias Técnica e Económica 2017.	De xeito sintético e visual explicáronse as principais accións de 2017, recollidas nas propostas de memorias facilitadas anteriormente na web.	Aprobado por unanimidade
Elección do método de auditoría de contas da Xunta de Goberno saínte.	Explicáronse en que consistían as opcións: auditoría interna ou externa, someténdose a votación a proposta de realizala de xeito interno.	Aprobado por unanimidade
Presentación da nova candidatura.	Tras o escrutinio das eleccións celebradas paralelamente á asemblea, preséntanse a nova composición da Xunta de Goberno.	Aprobado por unanimidade
Plans de Traballo e Orzamento 2018.	De xeito sintético preséntanse os plans de traballo e orzamentos que anteriormente se facilitaran a través da web do Ceesg.	Aprobado por unanimidade
Coloquio: 'Papel da asesoría xurídica para as colexiadas e colexiados'.	O avogado do Ceesg aborda cal é a situación actual a nivel xurídico do colexio.	
Propostas e preguntas.	Non houbo.	

Resáltanse que o número de colexiadas/os asistentes foi de 38, 1 amiga e 3 votos delegados e indícanse que todos os puntos da Orde do día resultaron aprobados por unanimidade. Dese total de 42 participantes, 35 eran mulleres e 7 homes.

Non producíndose intervencións, procédese á votación.

### **ACORDO:**

A votación á **Acta da Asemblea Xeral 2017** resultou favorable **por unanimidade das persoas asistentes:**

Votos en contra: 0

Votos en branco: 2

Votos a favor: 21

## 2. APROBACIÓN DAS MEMORIAS TÉCNICA E ECONÓMICA 2018

### Memoria Técnica 2018

Procédese á lectura da Memoria Técnica 2018. Presenta: Laura Vilaboy Romero.

#### Intervencións:

- Colexiado I.
  - 1- Indica que en anteriores asembleas acordárase facer asembleas máis dinámicas. Considera hai que vir cos deberes feitos e non vir aquí a expoñer todo e preguntar ás persoas asistentes se están de acordo. Considera preciso reservar tempo para a participación, para compartir, para o debate.
  - 2- Cuestiona, que máis nos faría falta para a LRES?. Se as Deputacións Provinciais nos apoian, só faltaría a Xunta de Galicia?.
  - 3- Respecto á formación en Peritaxe, considera que está moi ben, pero despois a realidade é que non se fan chamamentos das Listas de Perito Xudicial
- Laura Vilaboy Romero, Presidenta do Ceesg, responde ás cuestións plantexadas:

- 1- Respecto da participación: Desde o colexio convocamos a todxs xs colexiadxs, mais que a xente acuda ou non non depende de nós. A intención é rematar pronto a exposición, para reservar tempo para o debate. Dentro da nosa responsabilidade está poñer a disposición a documentación, tanto na web como aquí na Asemblea.
- 2- Respecto á LRES: non é suficiente co apoio das Deputacións Provinciais, hai máis cousas. Imos pouquiño a pouco, levamos nesta XG desde maio, mantivemos moitas reunións e seguimos.
- 3- Respecto ao tema da formación en Peritaxe: estás nesa Lista pero os chamamentos non dependen de nós, os xulgados fan chamamentos cando xurda a necesidade.

### Memoria CGCEES 2018

Toman a palabra Natalia Domínguez Galán, Vicepresidenta do Ceesg e Noelia Rodríguez Álvarez, Vogal do Ceesg e Vogal no CGCEES para explicar as accións máis importantes do ano,

### Memoria dos Grupos de Traballo 2018

A Vogal Paula Varela Costa procede á lectura pormenorizada das memorias de actividades 2018 dos Grupos de traballo.

### Memoria Económica 2018

Natalia Domínguez Galán, Vicepresidenta do Ceesg, excusa a presenza da Tesoureira Beatriz Caneda Zamar e presenta a Memoria Económica 2018.

### Ábrese Quenda de intervencións ao 2º punto da orde do día\_ Memorias Técnica e Económica 2018:

Colexiado I – Consulta polo estado do Grupo de Traballo Escaravellando e solicita información das cotas de mantemento semestral de persoas activo ou en desemprego.

Infórmase que o Grupo de Traballo está reactivándose e as cotas de mantemento semestral en 2018 de persoas en activo e en desemprego ascenderan a 71,90€ e 35,95€ respectivamente.

Non producíndose máis intervencións, procédese á votación da Memoria Técnica e Económica 2018:

#### **ACORDO:**

A votación á **Memoria Técnica e Económica 2018**: resultou favorable coa **aprobación por unanimidade das persoas asistentes**.

### 3. PRESENTACIÓN E APROBACIÓN DO ORZAMENTO 2019

Expón Natalia Domínguez Galán, Vicepresidenta do Ceesg.

Mostra o resumo de partidas de gastos e ingresos, e a continuación se explican os Plans de Traballo das Áreas e Grupos de Traballo do Ceesg que supoñen as partidas de gasto das áreas e de ingreso de cotas de actividades formativas.

Orzamento 2019		ceesg colexio de educadoras e educadores sociais de Galicia	
GASTOS		INGRESOS	
Persoal	67.625,48 €	Cotas	130.070,78 €
Local, RR	12.152,53 €	Outros ingresos	16,00 €
Xunta de Goberno	5.602,00 €	Subvencións/axudas	1.000,00 €
Comunicación	9.191,70 €	Regularización recibos	-800,00 €
D. Prof.	7.978,24 €	<b>TOTAL</b>	<b>130.286,78 €</b>
A. Prof.	10.581,31 €		
CGCEES	9.770,76 €		
Outros	7.384,76 €		
<b>TOTAL</b>	<b>130.286,78 €</b>		

#### 4. PRESENTACIÓN E APROBACIÓN DOS PLANS DE TRABALLO 2019

Comezan a presentación: Mercedes González Pazos e Belén Piñeiro Álvarez, Vogais da Xunta de Goberno, indicando que se manterá o organigrama e liñas estratéxicas, animando ás colexiadas e colexiados a apoialas.

Proceden á lectura dos Plans de traballo 2019.

#### Ábrese Quenda de intervencións ao 3º e 4º puntos da orde do día: Orzamento 2019 e Plans de Traballo 2019:

Participante 1. Agradece a acollida, así como a exposición pormenorizada de todo porque así leva unha idea moi clara. Consulta cómo se participa nos Grupos de Traballo.

Colexiada 2. Indica que a reactivación dos PIC depende moito da vontade do estudantado en participar. Plantexa ao colexio, a través do GEIX, organizar un encontro no seu centro de traballo.

Avogado do colexio. Considera que para ser profesionais de referencia, debemos coñecer o volume de poboación á que afecta o traballo das/os Educadoras/es Sociais. Por exemplo, hoxe en día, no ámbito de poboación reclusa, a intervención afectaría a 72.000 persoas. Debemos coñecer esta información noutros ámbitos, como Sanidade ou Educación. Considera os PIC como *microcolexios*.

Traslada á Asemblea unha idea que levan traballando no CGCEES. O Ceesg ten un convenio coas universidades para prácticas extracurriculares en Educación Social, que abrangue a estudantado de 3º e 4º cursos, ese convenio pode ser un bo mecanismo para reforzar os PIC, ademais do beneficio que supón para as persoas que tutelen esas prácticas.

Mercedes González Pazos. Vogal Ceesg. No plan de traballo está prevista a reactivación dos PIC, faltan alumnas/os voluntarias/os, a proposta está lanzada ás universidades para comezar co profesiograma de Maiores co handicap de que do espallamento territorial que temos en Galicia e do carácter voluntario da participación.

Paula Varela Costa. Vogal Ceesg. Quere engadir nas actuacións transversais da *Área de Acción Sociolaboral e Profesional a diversificación de enclaves profesionais* da que ela da fe ao estar a traballar nunha productora audiovisual cunha metodoloxía para a inclusión baseada no cine.

Colexiado 1. Consulta cál é a posición do colexio perante ás convocatorias dos postos de Educadores/as da Xunta de Galicia de funcionarios, corpo facultativo técnico de Servizos Sociais, de acceso libre e de estabilización, qué imos facer respecto da consolidación.

Sonia González Rodríguez. Vogal Ceesg. Non é cuestión dunha postura, a reserva en exclusividade das concocatoria depende dunha necesaria modificación previa da Lei de Emprego Público de Galicia, non estamos en contra da consolidación ou estabilización dos postos de traballo que xa están.

Mercedes González Pazos. Vogal Ceesg. A teima do colexio é que se consiga que os postos sexan de Educadoras/es Sociais e para Educadoras/es Sociais. Así, hai convenio que regulan ratios de ES, como o III Convenio de reforma e debemos esixir o seu cumprimento, para o que optaría por medidas de presión.

Antón Bouzas Álvarez. Vogal Ceesg. Puntualiza que onde fala de accións transversais, cabe puntualizar que na *Renda Básica* hai varias propostas diferentes. Moitas veces asociamos *Renda Básica* á *RISGA*. Pide que se estude ben isto e teñamos unha postura clara como colexio.

Por outra banda, en relación á unificación da profesión, ademais da inclusión de *educadoras* e *educadores* na denominación do colexio, isto debe ter un subtítulo, como por exemplo GUHES (Graduadas/os universitarios e Habilitadas/os de Educación Social).

Natalia Domínguez Galán. Vicepresidenta Ceesg. Informa que as xornadas de *Renda Básica* nas que colabora o Ceesg partiron do *Colectivo de Renda Básica da Coruña* e están coorganizándose conxuntamente connosco e co Concello da Coruña, co obxectivo precisamente de xenerar un debate na poboación ao respecto. Serán os días 21-22-23 marzo na Coruña.

Colexiada 7. Puntualizando que a *RISGA* non é unha *Renda Básica* e deben terse claros os modelos e posicionamentos.

Avogado do Ceesg. Indica que o obxectivo último da Administración Pública é funcionarizar. Hai un elemento que está sin definir, as habilitadas. A validación de capacidades non se fixo no ámbito da Educación Social, non se pode facer porque a capacidade no marco académico a tena a titulación de Educación Social. A habilitación profesional é un proceso excepcional destinado a extinguirse. Transmite a necesidade de que só están habilitadas/os se están colexiadas/os, habendo hoxe en día un número elevado de habilitadas/os que non están colexiadas/os e agora encima as apoiamos no proceso de estabilización.

Por outro lado, precisamos dunha Lei de Regularización da Educación Social.

## PLAN DE TRABAJO CGCEES

Presentación a cargo de Natalia Domínguez Galán, Vicepresidenta do Ceesg e Noelia Rodríguez Álvarez, Vogal do Ceesg e Vogal do Cgcees.

## PLANS DE TRABAJO 2019 DOS GRUPOS DE TRABAJO

Presentación de aBeira a cargo de Sonia González Rodríguez, Diverdade a cargo de Paula Varela Costa, Eira do Ceesg, Escaravellando e Miolo a cargo de Rocío Núñez Rúa, de Fiadeiras a cargo de Eva Bastón Martínez e Geix a cargo de Laura Vilaboy Romero.

Non producíndose intervencións, procédese á votación dos puntos 3 e 4 da orde do día: Orzamento e Plans de Traxallo 2019.

### ACORDO:

A votación ao **Orzamento e Plans de Traxallo 2019**: resultou favorable coa **aprobación por unanimidade das persoas asistentes**.

Remata a sesión de Asemblea Xeral ás 14:40h, convidando a todas as persoas presentes a asistir á Presentación do Informe Socioeducativo, que correrá a cargo de aBeira pola tarde.